

# Orientacións ás familias para a estimulación da linguaxe oral nos seus fillos

Departamento de orientación  
CEIP Plurilingüe Irmáns Villar  
Curso 2023/2024

- ▶ **Fala con claridade** e amodo, evita usar termos pouco comúns e difíciles de entender para o teu fillo ou filla.
- ▶ **Utilizar situacións cotiás** para falar, ampliar e estimular a linguaxe e o vocabulario (hora da comida, do baño, dos xogos, no parque, na rúa, mentres se realizan os deberes...)
- ▶ É recomendable **falar moito** con el/ela, preguntalle sobre as súas preferencias, os seus amigos, as súas actividades favoritas,
- ▶ **Escoita con atención e responde** sempre ás súas preguntas, intentando converter a comunicación nun pracer.
- ▶ Aos nenos e as nenas gústalles **escoitar** historias, aventuras... Despois eles/as **contarannos** as súas.
- ▶ **Coidado co uso excesivo da televisión, tabletas** e entretemento que non fomenten o diálogo, porque o diálogo é moi importante para aprender a falar. Nesta fase necesitan modelos e referencias axeitados. Tamén parabéns e eloxios.

- ▶ **Chama a cada obxecto polo seu nome**, non empregues diminutivos nin linguaxe infantil.
- ▶ **Falar con calma**, sen berrar, porque os/as nenos/as imitan o que ven.
- ▶ **Facer ver ao neno/a o ben que fala**, cando non o di ben, a forma de corríxilo será repetindo a forma correcta do que dixo, sen criticalo, ridiculizalo ou comparalo con outros fillos ou irmáns. . Só escoita o xeito correcto.
- ▶ **Amplía as túas expresións** completando o que dixo o neno ou a nena. •
- ▶ Nunca lle digas que pare e volva dicírllo, podemos quitarlle a motivación por falar
- ▶ **Non o imites cando fala mal**, aínda que che pareza gracioso.
- ▶ Cando se lle pregunte, debes deixar que o neno responda as preguntas, **non respondas por el**.
- ▶ Sentirse querido e respectado axuda a que a linguaxe se desenvolva da mellor maneira.

# ALGÚNS XOGOS PARA O DÍA A DÍA

- ▶ escoitar os sons da rúa, da casa, do mercado, da feira, da natureza... e nomear o que escoitamos. "Escoitas un paxaro preto" ou "Escoitas un coche, teñamos coidado..."
- ▶ Lerlles historias e pedirles que cho conten.
- ▶ Xogos de respiración e soprado, na vida cotiá podes soprar sobre alimentos, podes soprar sobre calquera obxecto e axudarlles a estimular a forza do golpe. Cheirar cousas, roupa, froitas... prestar atención a que cheiran os lugares aos que imos... para traballar indirectamente a respiración nasal. Pódense soprar globos, soprar unha palla, xogar con rotuladores de cores enrolados
- ▶ Xogos de movementos da cara, dos beizos, das meixelas, da lingua... facendo cara gorda, cara delgada, simular come um chupachups, unha piruleta, finxe mascar chicle, mete a lingua arriba, abaixo, aos lados, finge que ten doces na meixela e que é a lingua... dá bicos, fai pucheros, tira pedorretas cos beizos e coa lingua. .. Estes son os músculos que interveñen na fala, pero tamén na masticación, e na expresividade facial. Poñer cara de alegre, de tristeza, de aburrido, de ilusión... dependendo de onde esteamos e do que vaiades facer despois.

- ▶ -Facer sons de onomatopeas e animais, gústalles moito e axúdalles a mover moitos músculos relacionados coa fala... os pasos do cabalo, o son da serpe, como falan os patos, os gatos, as vacas...
- ▶ Xogando a “Eu Espía” trata de buscar palabras que comecen cunha sílaba determinada.
- ▶ Cantar cancións axeitadas á súa idade, vocalizando moi clara e lentamente.
- ▶ Calquera actividade que se faga habitualmente pode servir para prestar atención á escoita, á respiración, á motricidade e á expresión oral.